

## **O PSdeG denuncia “escurantismo” e “sinais de irregularidades” no obradoiro de emprego de Antas, Palas, Portomarín e Taboada**

**Os socialistas esixen ós Alcaldes que lles “deixen de poñer trabas” para consultar os expedientes e “comprobar se as obras executadas se corresponden co proxecto, pois nalgúns casos hai motivos fundados de que non é así”**

**Achegan fotografías que proban o estado “lamentable” no que quedou o entorno da igrexa de Castro de Amarante, en Antas, despois de que durante o obradoiro se derrubase unha casa, sen ningunha actuación máis, ou o Campo da Festa de Portomarín, que chegou a converterse “nun lugar de acumulación de lixo”**

O PSdeG provincial de Lugo denunciou este luns “escurantismo” e “sinais de irregularidades” na xestión do obradoiro de emprego *I Ulla Miño*, que compartiron este ano os Concellos de Antas de Ulla, Palas de Rei, Portomarín e Taboada. Os socialistas explican, por un lado, que os Alcaldes destas catro localidades, todos do Partido Popular, están a poñer “continuas trabas para que poidamos consultar a fondo os expedientes e comprobar se as obras executadas se corresponden co proxecto, xa que rexistramos polo menos media ducia de solicitudes nos Concellos e non temos resposta, ou ben porque nos remiten dunha administración a outra, ou simplemente porque non contestan, o que entorpece a labor de fiscalización da oposición e vulnera as regras democráticas”. Por outro lado, o PSdeG ten “motivos fundados” de que se realizaron actuacións “non previstas nuns casos, e noutros, acometidas de maneira moi deficiente”.

Como exemplo de posibles anomalías, das que achegan probas gráficas, a voceira socialista de Antas de Ulla e coordinadora comarcal, Pilar García Porto, destacou que durante o taller, desenvolvido entre decembro de 2012 e xuño deste ano, “derrubouse unha casa ó redor da igrexa parroquial de Castro de Amarante, sen ningunha actuación máis, co que, como está á vista de tódolos veciños, o solar quedou nun estado lamentable”. Indicou tamén que, a pesar do paso do obradoiro polas fincas do horto ecolóxico municipal, “a zona, como tamén é fácil de comprobar, está toda seca e abandonada”.

Outros casos de execución deficiente das actuacións do obradoiro ocorreron en Portomarín, asegurou a tamén deputada provincial, onde foron arrancados as árbores que estaban plantadas dende hai varias décadas no parque Agustín del Río, coñecido popularmente como o Campo da Festa da localidade, sen ningunha obra máis, co que “este espazo, un dos máis emblemáticos do concello, quedou nunha situación deplorable, coa terra sen acondicionar, e chegándose a converter nun lugar de aparcamento de vehículos e de acumulación de lixo”.

### **“Non se cumpriu o obxectivo”**

O obxectivo das obras do taller de emprego era ofrecer formación profesional “coa rehabilitación e mellora de paraxes naturais ou puntos emblemáticos, algo que, vendo estes feitos, non se cumpriu”, subliñou a tamén deputada provincial.

Por todo isto, os socialistas esixen ós Alcaldes “que deixen de poñer impedimentos” e faciliten canto antes a documentación requirida, do contrario, os voceiros xa avanzan que

recorrerán ó Parlamento de Galicia “para que sexa a Xunta a que facilite esa información”, afirmou García Porto, quen se pregunta “por que, se os resultados foron tan extraordinarios como nos venderon, non nos queren deixar consultar as actuacións realizadas”. A voceira socialista de Antas recalcou así mesmo que o obradoiro está financiado con preto de 265.000 euros achegados pola Xunta, co que “é preciso que os cidadáns saiban se se fixo unha xestión axeitada dos fondos públicos”.

### **Esforzo na inserción laboral**

O PSdeG provincial pon tamén en cuestión o “esforzo” de inserción laboral que realiza a Xunta, pero tamén estes catro Concellos cos obradoiros de emprego cos que se viron beneficiados nos últimos anos, “pois edición tras edición son moi poucos os alumnos que non repiten, o que reflicte a ineficacia da iniciativa”.

### **Discriminación pola cor política**

Esta “mala xestión” dos obradoiros nestes municipios gobernados pola dereita agrava a “discriminación” que a Xunta practica na súa concesión pola cor política, “dando prioridade ós concellos do PP”, xa que máis do 90% dos beneficiarios son deste partido, lembran os socialistas, “unha situación que se repite ano tras ano, o que demostra que Feijóo utiliza estes obradoiros como arma política, sen pensar no beneficio común dos cidadáns”.

Lugo, 16 de setembro de 2013

Saúdos,  
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo